

CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2026

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, da Deputación Provincial de Lugo, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

As subvencións que se convocan contribúen ao logro do obxectivo específico de execución de programas que teñan as finalidades de: educación e concienciación, a través da promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, mudando a idea que teñen de marchar e escapar do fogar rural familiar; incluído na dita Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca.

A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana, por conservar valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero, por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, o que obriga a mudala antes de que sexa demasiado tarde.

Programas de visitas guiadas dende os centros de educación infantil e primaria provinciais ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento de identidade da nosa cultura. Temos que afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

De cara a alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o de de 2026, prestou aprobación ás bases e á convocatoria que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases canalizadoras e da convocatoria das subvencións.

BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2026

Exposición de motivos

“A educación ambiental propón un gran obxectivo para a escola: capacitar aos nenos e nenas na análise da súa realidade e actuar de forma reflexiva, valorando a repercusión das accións no medio”.

Esta declaración de Alejandro Tiana Ferrer, Secretario de Estado de Educación, é unha clara expresión do valor e o papel que a educación ambiental desempeña a nivel global na nosa sociedade e, en especial, na mocidade. Neste particular, resulta indispensable o traballo fóra da aula para que as novas xeracións comprendan e se sensibilicen coa realidade actual.

Asemade, non hai dúbida de que unha visita a unha granxa é un excelente recurso educativo, xa que ofrece un gran valor social e didáctico, mediante a realización de actividades axeitadas e adaptadas aos/ás nenos/as, desenvolvendo varios dos obxectivos propostos na educación infantil.

Esta oferta formativa é moi beneficiosa, xa que, a través dela, pódense experimentar, en primeira persoa e de xeito impactante, moitos aspectos da contorna natural e dos seres vivos que nos rodean. O/a neno/a ve de primeira man todo o que desde a escola non pode aprender sen unha experiencia de observación na que entra en contacto directo coa realidade.

Polo tanto, a realización dunha saída a unha granxa resulta interesante, relevante e beneficiosa para o alumnado, podéndolle amosar e facilitándolle coñecer o seu propio medio, as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural.

Por maior abastanza, nun contexto como o actual, resulta fundamental darlle apoio ao sector primario mediante a posta en valor e a promoción dos produtos de proximidade e de calidade que xeran, como estratexia para avanzar cara a unha meirande soberanía alimentaria.

A educación e concienciación dos/as nenos/as e mozos/as tamén encaixa dentro deste obxectivo, achegándoos a contornas onde se realizan actividades agrícolas e gandeiras, permitíndolles un maior coñecemento e valorización do sector primario, así como das producións locais.

Doutra banda, a diversificación da obtención de ingresos co desenvolvemento de actividades educativas por parte das producións agrarias é outro dos obxectivos da política agraria europea, coherente á súa vez co obxectivo de diversificar e complementar a oferta das granxas, a través de subprodutos e a vinculación do sector coa paisaxe e o turismo.

Por estas razóns, resulta fundamental a existencia de producións agrícolas e gandeiras que aborden tarefas de educación da poboación provincial, e mesmo se especialicen nese labor, constituíndose en elemento de unión do rural coa mocidade, dedicadas a ofrecer servizos educativos relativos ás actividades agropecuarias vencelladas ao sector primario da provincia de Lugo.

Asemade, a comunidade educativa demanda a diversificación dos servizos ofrecidos, de xeito que se constitúan en elemento innovador para dotar aos docentes de ferramentas axeitadas e subministren aos mozos unha formación motivadora e de calidade. Ademais, os servizos dirixidos á comunidade educativa adoecen dun custo ás veces demasiado elevado, o que pode determinar un prezo do servizo disuasorio para os grupos de escolares.

Ademais disto, existe unha idea negativa respecto aos espazos rurais, promovéndose a idea xeral de que os/as mozos/as teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permiten dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que

teñen e afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, da Deputación Provincial de Lugo, ten por obxectivo específico a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: *“educación e a concienciación, por ser un aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras”.*

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2026, a quinta edición do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo; e procédese á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras das subvencións e da súa convocatoria, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) da provincia de Lugo, para a formación en proxectos de emprendemento rural, a través da realización de visitas, por parte dos alumnos dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e producións agropecuarias da provincia de Lugo, así como de obradoiros nos propios centros escolares.

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 5 e 8, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 6 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 8, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da LSG, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase aos beneficiarios destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de outras actividades asociativas (código sector económico 94.9); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, e non prevíndose modificación algunha desta situación (código impacto de xénero 2); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

Base 4.- Oferta formativa

A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo mantén un contacto continuo cos produtores do sector primario provincial, a través das asociacións con maior representación neste ámbito.

Co obxecto de asegurar a maior eficiencia na utilización dos recursos públicos e de acadar con plenitude os obxectivos perseguidos coa posta en marcha do Programa “Da escola á granxa”, realizáronse consultas ás ditas asociacións coa finalidade de coñecer as producións e entidades mellor capacitadas para a organización de visitas e/ou o desenvolvemento de obradoiros e xornadas divulgativas, primando, ante todo, a calidade das actividades a realizar.

Tamén se procurou non excluír nin prexudicar ou limitar a ningún centro escolar por razón da súa localización xeográfica no ámbito provincial.

De todo elo derivou unha relación de proxectos de emprendemento agrario que garanten o cumprimento dos citados obxectivos, e coas que se mantivo un contacto individualizado a efectos de coñecer en profundidade as actividades ofrecidas por cada unha delas e a súa calidade.

En definitiva, escolléronse produtores e entidades de referencia no seu ámbito, así como con experiencia na organización de actividades con escolares, que, ademais, estiveran distribuídos

equitativamente por toda a Provincia, de xeito que a distancia non fora impedimento para que ningún centro escolar se acollera ao Programa.

Tamén se procurou dispoñer dunha oferta formativa variada, incluíndo a produtores de distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro, tales como a produción de froitas, hortalizas e vexetais, faba de Lourenzá, produtos lácteos, mel, castañas, ovos, gando ovino, vacún, cabalar, cabrún, porcino e aviar.

Asemade, ao obxecto de non excluír nin prexudicar ou limitar aos centros escolares con dificultades para a realización de desprazamentos, engadíronse entidades capacitadas para a realización de obradoiros e/ou xornadas divulgativas nos propios centros escolares, tamén con experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións.

As ditas producións e entidades figuran no anexo IV. O catálogo da oferta formativa, no que se sinalan os prezos das visitas e actividades organizadas por cada produtor, así como o número máximo de alumnos que poden participar simultaneamente en cada unha das visitas, estará dispoñible para a súa consulta na páxina web da Deputación <https://www.deputacionlugo.gal/temas/medio-rural/subvencions-concorrenncia>

Base 5.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das granxas relacionadas no Anexo IV.

No caso de centros escolares nos que o número total de alumnos non supere a cantidade máxima de participantes admisible en cada visita, segundo se establece no catálogo da oferta formativa, ademais dos alumnos de primaria, poderán participar na dita visita os alumnos de educación infantil, ata completar o número máximo de participantes por actividade.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

Ao igual que no caso das visitas, no caso de que o total de alumnos do centro escolar non supere o número máximo de participantes establecido no catálogo da oferta formativa para cada obradoiro, ademais dos alumnos de educación primaria, poderanse engadir os alumnos de educación infantil, ata completar o número máximo establecido para cada obradoiro.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

As ANPAS terán a condición de beneficiarias das subvencións, debendo nomear, en todo caso, a un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade e difusión, tanto de xeito interno, nas súas canles de comunicación, como nas súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Rural, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 8.

Base 6.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actividades é de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 1.100 € por visita ou obradoiro.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o seu 5 % deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Base 7.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial, nas condicións establecidas nestas bases; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 8.- Presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, na sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

As interesadas deberán presentar unha solicitude para cada actividade a subvencionar, independentemente da/s modalidade/s elixida/s (segundo o disposto na Base 5).

Cada ANPA poderá ser beneficiaria, inicialmente, de ata seis solicitudes de visitas de entre todas as que presente, tendo en conta a orde de presentación de cada unha delas, dando preferencia ás feitas en primeiro lugar, ata a cantidade de seis, e quedando as que excedan deste número en reserva.

Asemade, cada ANPA poderá ser beneficiaria de ata dúas solicitudes de obradoiro, de entre todas as que presente, tendo en conta a orde de presentación de cada unha delas; sendo requisito para a estimación de cada solicitude de obradoiro que a entidade solicitara, polo menos, senllas solicitudes de visita a algunha granxa.

Cada granxa incluída no Anexo IV e no catálogo da oferta formativa (publicado na páxina web da Deputación) poderá recibir un máximo de seis visitas. Do mesmo xeito, o número máximo de alumnos por visita será o que veña determinado, para cada granxa, no devandito catálogo.

Cada granxa recibirá as visitas das ANPAS que o solicitaran en primeiro lugar. As solicitudes de subvención para a visita ás granxas que chegaran ao número máximo delas resolveranse concedendo a subvención, de ser o caso, segundo a orde de preferencia que se reflicta no anexo I da solicitude. A estes efectos, as entidades solicitantes das subvencións deberán indicar no anexo I ata seis granxas para as que se solicita a subvención, por orde de preferencia.

De encontrarse tamén esgotada a cota da segunda granxa que figure no anexo I, procederase do mesmo xeito coa terceira, cuarta, quinta e sexta opción.

Se, chegado o caso, non se puidera conceder a subvención, por estar cuberta a cota das seis granxas para as que se solicitou, desestimarase a solicitude.

Do mesmo xeito, cada entidade dedicada a impartir obradoiros, de entre as incluídas no anexo IV e no catálogo da oferta formativa, poderá realizar un máximo de 10 obradoiros, sendo o número máximo de alumnos de 30, tal e como se reflicte no catálogo da oferta formativa.

Cada entidade realizará os obradoiros nos centros educativos aos que pertencen as ANPAS que o solicitaran en primeiro lugar. As solicitudes de subvención para a realización de obradoiros que chegaran ao número máximo deles resolverase concedendo a subvención, de ser o caso, segundo a orde de preferencia que se reflicta no anexo I da solicitude. A estes efectos, as entidades solicitantes das subvencións deberán indicar no anexo I.bis ata dous obradoiros para os que se solicita a subvención, por orde de preferencia.

Se, chegado o caso, non se puidera conceder a subvención, por estar cuberto o cota dos dous obradoiros para os que se solicitou, desestimarase a solicitude.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude para a organización de visitas dende os centros escolares ata algunha/s das granxas relacionadas no Anexo IV (Anexo I).
- b) Solicitude para a organización, no propio centro escolar, de obradoiros que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos/as nosos/as agricultores/as (Anexo I.bis).
- c) Certificación da capacidade de obrar do/da representante da entidade, para a tramitación da subvención (Anexo II).
- d) Copia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro de asociacións correspondente.
- e) Copia do NIF da entidade.
- f) Copia do DNI do/a representante da entidade.
- g) Declaración conxunta (Anexo III).
- h) No suposto de que o importe acumulado das subvencións solicitadas supere os 3.000 €, certificados acreditativos de que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social (se non consta autorización á Deputación para solícialos).

Base 9.- Procedemento de concesión e criterios de determinación do importe da subvención

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 8, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo.

O importe da subvención correspondente a cada unha das solicitudes será determinado pola aplicación das porcentaxes establecidas na Base 6.

Base 10.- Premio non económico

Nas anteriores edicións deste Programa, a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade adquiriu exemplares dun Libro-guía do dito Programa, para a súa difusión, como complemento as actividades desenvoltas nas distintas visitas e obradoiros, que foron entregados aos nenos participantes en aquel. Asemade, nas tres edicións anteriores, concedeuse un premio consistente na visita dos Bolechas corpóreos aos centros escolares aos que pertencían as entidades beneficiarias gañadoras de aqueles.

Debido ao éxito que estes libros tiveron, en boa parte por ser Os Bolechas os seus protagonistas, nesta edición está prevista, de novo, a concesión do premio consistente na visita dos Bolechas corpóreos ao centro escolar ao que pertenza a entidade beneficiaria gañadora de aquel.

Para a concesión deste premio, celebrarase un sorteo, por insaculación, entre todas as entidades beneficiarias, é dicir, introduciranse papeletas nunha bolsa, en cada unha das cales figurará o nome de cada unha das entidades beneficiarias, para logo sacar unha ao azar, que será a gañadora do citado premio.

Asemade, serán extraídas tres papeletas, cos nomes das entidades beneficiarias que formarán unha listaxe de reserva, para o suposto de que a entidade gañadora do premio non o aceptara expresamente, nos termos establecidos nos parágrafos seguintes.

O dito sorteo realizarase por un funcionario da Deputación de Lugo que preste servizos na Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en presenza do secretario da entidade, que exercerá a función de fe pública.

O nome da entidade gañadora do sorteo publicarase xunto coa resolución definitiva de concesión das subvencións, debendo aquela aceptar expresamente o premio no prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da dita publicación, para que, no caso de non aceptalo, este poida ser concedido á primeira das entidades que se atope na listaxe de reserva.

Neste suposto, a concesión do premio á reservista seralle notificado, concedéndolle un prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, para a súa aceptación ou rexeitamento. De non aceptar o premio, procederase do mesmo xeito coa segunda e terceira reservistas.

No caso de que ningunha destas entidades acepte o premio, o sorteo quedará deserto.

Base 11.- Instrución do procedemento

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade instruiranse e tramitaranse os respectivos expedientes, revisaranse as solicitudes presentadas, e verificarase que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.

Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos establecidos nestas Bases farase unicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo), poderán obter as subvencións unicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.

Proposta de concesión provisional

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuarase proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para a/s que se propón a concesión da/s subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A dita proposta de concesión provisional incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación das datas nas que aquelas foran presentadas, a efectos de que poidan adquirir tamén a condición de beneficiarias, seguindo os criterios establecidos na Base 8 e no suposto de que se produzan renuncias nos termos previstos na Base 16.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Proposta de concesión definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, previa fiscalización, formularase a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión da/s subvención/s e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A dita proposta de concesión definitiva incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, nos termos e cos efectos previstos no apartado anterior.

Base 12. Resolución de concesión das axudas

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas á/s que se concede/n a/s subvención/s e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A dita resolución incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, nos termos e cos efectos previstos na Base anterior.

Na publicación da resolución definitiva de concesión das axudas incluirase o nome da entidade gañadora do premio regulado na Base 10, nos termos e aos efectos nela previstos.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que se producira manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ás interesadas será de seis meses, contados a partir da data da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

Base 13.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

Base 14.- Prazo de execución da actividade

O prazo de execución das actividades subvencionadas estenderase dende a data de publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2026.

Base 15.- Subcontratación das actividades subvencionadas polas beneficiarias

Enténdese que unha beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 29 da LXS, a beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, a realización da actividade subvencionada, sen que, en ningún caso, poidan subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen un valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados só ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS, para permitir a axeitada verificación do respecto á natureza e contía dos gastos subvencionables.

Base 16.- Renuncias

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da LPACAP.

De producirse a/s renuncia/s con anterioridade ao 1 de outubro de 2026, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da/s subvención/s á solicitante que se encontre en primeiro lugar na relación (prevista na Base 12) de solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, seguindo os criterios establecidos na Base 8; sempre e cando coa/s renuncia/s por parte de algunha/s das beneficiarias se liberara crédito suficiente para atender, polo menos unha das solicitudes denegadas.

Cando o número de renuncias supoña unha liberación de crédito suficiente para atender todas as solicitudes da entidade que se atope en primeiro lugar na antes citada relación, a/as seguinte/s renuncia/s poderán dar lugar á concesión da/s subvención/s á solicitante que ocupe o segundo lugar nela, nos mesmos termos citados no parágrafo anterior; seguindo sucesivamente o mesmo procedemento se se produciran novas renuncias con posterioridade.

No caso de producirse renuncia/s con posterioridade ao 30 de setembro de 2026, as beneficiarias serán penalizadas, na edición do mesmo Programa para o ano 2027, co paso directo das súas solicitudes ao último lugar da listaxe de reserva á que se refire a Base 11.

Base 17.- Xustificación das subvencións

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención efectuarase na modalidade de conta xustificativa ordinaria do gasto realizado, constituíndo a súa rendición un acto obrigatorio da beneficiaria, na que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será o 31 de marzo de 2027.

Logo de transcorrer o prazo establecido no parágrafo anterior sen que a conta xustificativa fora presentada ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requirirase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, sexa presentada.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polas beneficiarias, porao no seu coñecemento, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, para a súa corrección.

A falta de presentación da conta xustificativa da subvención no citado prazo ou a xustificación insuficiente levará aparellada a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución establecido na Base 14.

Deste xeito, no caso de visitas a granxas e producións agropecuarias, serán subvencionables os gastos de transporte dende o centro escolar ata calquera das granxas ou producións incluídas na relación do Anexo IV, así como os de participación na visita e realización das actividades didácticas e de aprendizaxe a realizar na mesma.

No caso de organización, no propio centro escolar, de actividades que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas, serán subvencionables os gastos nos que teñan que incorrer as ANPAS para a súa realización por terceiros.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido nos parágrafos anteriores.

Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran subvencionables os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Documentación xustificativa

As contas xustificativas de cada unha das actuacións subvencionadas presentaranse a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

As contas xustificativas deberán integrar a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada polo persoa responsable (Anexo V).
- b) Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, data e **forma** de pago, descrición do gasto, así como os gastos que se afecten á Deputación (Anexo VI).
- c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.
- d) Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con

eficacia administrativa deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou ao seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Tamén se admitirá que, na factura ou documento de valor probatorio equivalente, conste forma de pago “en efectivo” ou “pagado en caixa”.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

- e) No suposto de que o importe acumulado das subvencións concedidas supere os 3.000 €, certificados acreditativos de que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social (se non consta autorización á Deputación para solicitalos).
- f) Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas, ou entidades públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada (Anexo VII).
- g) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos (Anexo VII).
- h) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade e nos medios que se utilizaron para darlle difusión á actividade subvencionada, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios

ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero (Anexo VII).

- i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo III da solicitude de concesión da subvención. Así mesmo, no suposto de que o importe acumulado das subvencións concedidas a unha mesma ANPA supere os 3.000 €, o centro xestor deberá xuntar (se consta autorización para solicitalos) os certificados acreditativos de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Presentadas as contas xustificativas, o centro xestor comprobará, no prazo de seis meses, a contar dende a data de finalización do prazo de xustificación das subvencións, a corrección da documentación achegada, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinaron a súa concesión ou goce, así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na OXS, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das xustificacións presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de perda do dereito ao cobro da/s subvención/s.

Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións o Entes, públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase o seu importe en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que as actuacións deberán ser financiadas polo beneficiario, cando menos, nas porcentaxes establecidas na Base 6, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esas porcentaxes, reducirase a subvención ata que os recursos propios alcancen aquelas.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento da interesada.

Base 18.- Pago da subvención

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación por aquelas das contas xustificativas que acrediten a realización das actuacións para as

que se concederon, nos termos establecidos na Base anterior; e tamén previa emisión, polos Servizos desta Deputación Provincial, dos correspondentes informes e da resolución de aprobación de aquelas pola Presidencia.

Non procederá o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

Non se poderá realizar o pago da subvención namentres a beneficiaria non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou mentres sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Base 19.- Plan de auditoría anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 20.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera

Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

Base 21.- Réxime de recursos

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

Base 22.- Vixencia e modificación das Bases

As presentes Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

A vixencias das Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, manténdose vixentes durante o prazo máximo fixado para o aboamento das subvencións, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2027.

Base 23.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982 180 004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes relativos ás solicitudes das subvencións reguladas nestas Bases.

A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao seu responsable, e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que non achegalos supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 24.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 9, do 11 de xaneiro de 2024 -OXS-).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Disposición Adicional Primeira.- Declaracións responsables

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.